CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

# ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O VINTE E CATRO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 24 de marzo de 2025, ás 19:30 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria

**ASISTENTES:**

**Presidente**
José Manuel Mato Martinez

**Concelleiras/os:**

**Partido Popular (PP)**
María Josefa Álvarez Bugallo (abandona a sesión ás 21:20 h)
Constantino Fernández Vila

**Partido PSdeG-PSOE**
Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa (abandona a sesión ás 21:22 h)
Consuelo Martínez Lema

**Partido Galego (PG)**
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

**Agrupación de electores Adiante por Ponteceso**
Roberto Alexandre Andrade de Santiago

**Bloque Nacionalista Galego**
Fátima Rodríguez Gonzálvez

**APIN-ESCO**
José Manuel Pose Verdes

**AUSENTES:**

**Partido Popular (PP)**
José Luis Pena Romay

**Secretaria:** Antía Pena Dorado
**Interventora**: María Emilia García Maneiro

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

## 1 Parte resolutiva

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

**1.1 Aprobación da acta da sesión do 5 de febrero de 2025**

O presidente pregúntalles ás concelleiras e aos concelleiros que están presentes se queren facer algunha achega.
Non hai achegas.
As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban por unanimidade a acta da sesión do 5 de febreiro de 2025.

**1.2 Dación de conta da dilixencia de corrección de erros na acta da sesión do 20 de novembro de 2024**

O alcalde dá conta da dilixencia de corrección de erros.

“DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Fágoa eu, a secretaria, para que conste que na acta da sesión plenaria do 20 de novembro de 2024 se transcribiu por erro a proposta de aprobación inicial da desafectación das vivendas dos mestres 3 e 4, bloques 6 e 8 (aprobada esa aprobación inicial na sesión do 30.11.2023), correspondendo aprobar definitivamente esa desafectación, de conformidade coa Orde do día da convocatoria e co realmente tratado na sesión.
Polo que, onde di:

“**“1.7 Expediente 2023/X999/0000446. Aprobación definitiva da desafectación das vivendas dos mestres 3 e 4, bloques 6 e 8**

A secretaria o ditame

“**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Expediente núm. 2023/X999/000446: Desafectación das vivendas dos Mestres, bloques 6 e 8**

Este Concello conta no seu inventario cunha serie de edificacións (6) denominadas “vivendas dos Mestres “.

Se ben as mesmas figuran no inventario de bens municipal como patrimoniais( non afectas a un uso ou servizo público), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 13-11-2017, autorizou a desafectación das vivendas dos mestres, números 10 e 12, sitas na Rúa Colexio ,

Así mesmo en base á Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión das subvencións para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, o Concello de Ponteceso solicitou unha subvención para a rehabilitación da vivenda nº 10, con referencia Catastral 8876505NH0887N0001DX e mediante Resolución do 17 de xullo de 2018 o Instituto Galego de Vivenda e Solo concede ao Concello de Ponteceso a subvención para a rehabilitación da antiga vivenda dos mestres nº 10. Con esta subvención rehabilitáronse os dous pisos da vivenda nº 10, de titularidade municipal garantindo o cumprimento dos requisitos básicos de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou accesibilidade.

Estas vivendas dos Mestres (10 e 12) foron destinadas a vivendas sociais para que as familias en situación de vulnerabilidade tiveran a posibilidade de dispoñer dunha vivenda digna e asumíbel dado que xa non se impartía servizo educativo e que son susceptibles de ser empregadas para outros fins, ademáis de supoñer unha rendabilidade para o erario municipal.

O equipo de goberno entende necesario seguir coa desafectación das vivendas dos Mestres número 3 e 4 que se corresponden cos números 6 e 8 (regularizando a súa situación) dado que os Concellos non están obrigados a proporcionar aos Mestres casa-habitación en forma gratuíta ou unha compensación económica equivalente, pois tal obrigación extinguiuse coa Lei de Bases de Facendas Locais do 3 de decembro de 1953 e co Decreto para o seu desenvolvemento do 18 de decembro do mesmo ano (Disposición adicional cuarta), confirmada pola Disposición Adicional Sexta, punto 4, da Lei de Réxime Local do 24 de xuño de 1955 32.

Con esta desafectación as vivendas poderían destinarse a novas vivendas sociais, ou outros usos de carácter social, lúdico ou cultural en beneficio da comunidade xeral (non únicamente dos Mestres), e máis considerando que nas vivendas 10 e 12 os seus arrendatarios están a pagar unha renda mensual.

As antigas vivendas destinadas a Mestres non están inseparablemente unidas aos centros docentes, de forma material ou por anexión, e poden ser consideradas bens patrimoniais dos Municipios e, por iso, os Concellos poden poñer fin ás cesións gratuítas, gravosas para o erario municipal, ou buscar contrapartidas.

No caso concreto que nos atinxe non se trata de centros educativos senón de vivendas dos Mestres, donde existe xurisprudencia do TS que mantén de forma reiterada a inexistencia da obriga para os concellos de facilitar vivenda de balde aos mestres (sentenzas 20.01.1998, 23.04.1998,30.9.1998 e 28.04.200 entre outras
.

Así mesmo nin a LOE 6/2003 nin a LBRL contempla a obriga de proporcionar vivenda con carácer unilateral e incondicionado, dado que a partir da Lei 14/1970 Xeral de Educación e Financiamento da Reforma educativa , as vivendas dos mestres, non teñen a consideración de centro docente ( destinado de forma específica á ensinanza).

Por outra banda as vivendas dos mestres 3 e 4 ( que se corresponden cos bloques 6 e 8 ) figuran como patrimonias no inventario de bens municipais, polo que non estarían afectadas a un uso ou servizo público.

Sen embargo de expedientes anteriores tramitados no Concello para a desafectación das vivendas 5 e 6 (bloques 10 e 12) , despréndese que existe certas discrepancias cos datos recollidos e que obran no poder da Consellería de educación.

Con data 16.11.2023 emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a desafectación vivendas dos mestres referenciados.

Tendo en conta o artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais;o Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

propiedade municipal;a Orde de 4 de xuño de 1987 sobre desenvolvo do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e os artigos 22.2.l), 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**PROPOÑO** ao pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a alteración da cualificació xurídica das vivendas dos Mestres 3 e 4 , sitas nos números 6 e 8 de Rúa Ponteceso, como bens demaniais de servizo público, desafectándoas do servizo público, aos efectos de quedar cualificadas como bens patrimoniais e proceder a súa regularización.

**SEGUNDO**. Solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenació Universitaria a desfactación do servizo educativo das vivendas dos Mestres 3 e 4 sitas nos números 6 e 8 da Rúa Ponteceso, quedando o trámite de alteración da cualificación xurídicas dos bens a expensas da obtención da pertinente autorización da Administración educativa:

- Vivenda dos Mestres 3: 1INM06800034
- Vivendas dos Mestres 4 1INM06800035

**TERCEIRO.** Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, aos efectos de presentación de alegacións ou reclamacións.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ O Alcalde/Jose Manuel Mato Martínez”

O presidente abre o debate.
(...)
Non houbo máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 15 de novembro de 2024.

O Concello Pleno aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP) e 1 abstención de APIN-ESCO).”

Debe dicir:

**““1.7 Expediente 2023/X999/0000446. Aprobación definitiva da desafectación das vivendas dos mestres 3 e 4, bloques 6 e 8**

A secretaria o ditame

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación definitiva do expediente de desafectación das vivendas dos Mestres, bloques 6 e 8 (Expediente núm. 2023/X999/000446)

O Concello de Ponteceso ten inventariados unha serie de inmobles denominados “vivendas dos Mestres.
Se ben as mesmas figuran no inventario de bens municipal como patrimoniais( non afectas a un uso ou servizo público), a  Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 13-11-2017, autorizou a d esafectación das vivendas dos mestres, números 10 e 12, sitas na Rúa Colexio

O equipo de goberno entende necesario seguir coa desafectación das vivendas dos Mestres número 3 e 4 que se corresponden cos números 6 e 8 (regularizando a súa situación) dado  que os Concellos non están obrigados a proporcionar aos Mestres casa-habitación en forma gratuíta ou unha compensación económica equivalente, pois tal obrigación extinguiuse coa Lei de Bases de Facendas Locais do 3 de decembro de 1953 e co Decreto para o seu desenvolvemento do 18 de decembro do mesmo ano (Disposición adicional cuarta), confirmada pola Disposición Adicional Sexta, punto 4, da Lei de Réxime Local do 24 de xuño de 1955 32.

Con esta desafectación as vivendas poderían destinarse a novas vivendas sociais, ou outros usos de carácter social, lúdico ou cultural  en beneficio da comunidade xeral (non únicamente dos Mestres), e máis considerando que nas vivendas 10 e 12 os seus arrendatarios  están a pagar unha renda mensual.

As antigas vivendas destinadas a Mestres non están inseparablemente unidas aos centros docentes, de forma material ou por anexión,  e poden ser consideradas bens patrimoniais dos Municipios e, por iso, os Concellos poden poñer fin ás cesións gratuítas, gravosas para o erario municipal, ou buscar contrapartidas.

No caso concreto que nos atinxe non se trata de centros educativos senón de vivendas dos Mestres, donde existe  xurisprudencia do TS que mantén de forma reiterada a inexistencia da obriga  para os concellos de facilitar vivenda de balde aos mestres (sentenzas 20.01.1998, 23.04.1998,30.9.1998 e 28.04.200 entre outras
.
Así mesmo nin a LOE 6/2003 nin a LBRL contempla a obriga de proporcionar vivenda con carácer unilateral e incondicionado, dado que a partir da Lei 14/1970 Xeral de Educación e Financiamento da Reforma educativa , as vivendas dos mestres, non teñen a consideración de centro docente ( destinado de forma específica á ensinanza).

Por outra banda as vivendas dos mestres 3 e 4 ( que se corresponden cos bloques 6  e 8 ) figuran como patrimonias no inventario de bens municipais, polo que non estarían afectadas a un uso ou servizo público.

Sen embargo de expedientes anteriores tramitados no Concello para a desafectación das vivendas 5 e 6 (bloques 10 e 12) , despréndese que existe certas discrepancias cos datos recollidos  e que obran no poder da Consellería de educación..

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Concello Pleno acordou na sesión do 30 de novembro de 2023 aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica das vivendas dos mestres 3 e 4 , sitas nos números 6 e 8 de Rúa Ponteceso, como bens demaniais de servizo público, desafectándoas do servizo público, aos efectos de quedar cualificadas como bens patrimoniais e proceder a súa regularización.
O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional resolveu o 7 de xuño de 2024 concederlle ao Concello de Ponteceso a autorización previa á desafectación de dúas vivendas de Mestres (vivendas 3 e 4, coas referencias catastrais 8876503NH0887N0001KX e 8876504NH0887N0001RX, respectivamente) na rúa do Colexio núm. 6 e núm. 8 respectivamente, do CEIP Eduardo Pondal (cód. 15013291), do concello de Ponteceso (A Coruña).

O anuncio da aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) do 20 de decembro de 2023 e na sede electrónica do Concello de Ponteceso o 20 de setembro de 2024, non constando alegacións e reclamacións

Polo anterior, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a alteración da cualificación xurídica das vivendas dos mestres (vivendas 3 e 4, coas referencias catastrais 8876503NH0887N0001KX e 8876504NH0887N0001RX, respectivamente) na rúa do Colexio núm. 6 e núm. 8 respectivamente, do CEIP Eduardo Pondal (cód. 15013291), do concello de Ponteceso (A Coruña). como bens demaniais de servizo público, desafectándoas do servizo público, aos efectos de quedar cualificadas como bens patrimoniais do Concello:
SEGUNDO. Comunicarlle este acordo ao Rexistro da Propiedade e efectuar as correspondentes anotacións no libro do Inventario de ben, de conformidade co artigo 8 do do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

*Documento firmado dixitalmente o día e pola persoa que constan na marxe."

O presidente abre o debate.
(...)
Non houbo máis debate.

A Comisión informativa de asuntos preparatorios para o pleno ditaminou favorable na sesión do 15 de novembro de 2024.

O Concello Pleno aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PG, 1 de AxP) e 1 abstención de APIN-ESCO)."

*Documento firmado dixitalmente o día e pola persoa que constan na marxe."

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

**1.3 Expediente 2025/T004/000001. Aprobación do ditame de aprobación do orzamento municipal para o 2025**

A Secretaria lee o ditame:

"**ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2025**
**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2025.
Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estructura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL (Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo).
De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

**DITAME:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende a 6.313.000,00 € cos seguintes resumes:

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS | | |
|---|---|---|
| **TOTAL ORZAMENTO** | | **IMPORTE** |
| **Total capítulo 1** | IMPOSTOS DIRECTOS | **1.610.246,60 €** |
| **Total capítulo 2** | IMPOSTOS INDIRECTOS | **140.000,00 €** |
| **Total capítulo 3** | TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | **549.773,80 €** |
| **Total capítulo 4** | TRANSFERENCIAS CORRENTES | **3.489.304,62 €** |
| **Total capítulo 5** | INGRESOS PATRIMONIAIS | **397.124,01 €** |
| **Total capítulo 7** | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | **126.550,97 €** |
| | **TOTAL** | **6.313.000,00 €** |

| CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS | | |
|---|---|---|
| **TOTAL ORZAMENTO** | | **IMPORTE** |
| **Total capítulo 1** | GASTOS DE PERSOAL | **2.345.469,47 €** |
| **Total capítulo 2** | GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS | **2.994.617,00 €** |
| **Total capítulo 3** | GASTOS FINANCEIROS | **10.000,00 €** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | | |
|---|---|---|
| **Total capítulo 4** | TRANSFERENCIAS CORRENTES | **140.385,47 €** |
| **Total capítulo 6** | INVERSIONS REAIS | **517.066,04 €** |
| **Total capítulo 7** | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | **0,00 €** |
| **Total capítulo 9** | PASIVOS FINANCEIROS | **305.462,02 €** |
| | **TOTAL** | **6.313.000,00 €** |

| CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS | | |
|---|---|---|
| **TOTAL ORZAMENTO** | | **IMPORTE** |
| **Área de gasto 1** | SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS | **3.141.865,59 €** |
| **Área de gasto 2** | ACTUACIONS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL | **1.026.749,27 €** |
| **Área de gasto 3** | PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE | **753.642,67 €** |
| **Área de gasto 4** | ACTUACIONS DE CARÁCTER ECONÓMICO | **107.579,87 €** |
| **Área de gasto 9** | ACTUACIONS DE CARÁCTER XERAL | **971.700,58 €** |
| **Área de gasto 0** | DEUDA PÚBLICA | **311.462,02 €** |
| | **TOTAL** | **6.313.000,00€** |

**SEGUNDO.-**Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO.-** O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

**CUARTO.-** Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** Aprobar a masa salarial do persoal laboral ó servizo deste Concello para o ano 2025, que ascende a 1.382.760,71 €. Como consecuencia da aprobación, dar traslado do acordo adoptado no Pleno ós departamentos afectados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 103.bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

En Ponteceso, O Alcalde/ Jose Manuel Mato
**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

Non houbo máis debate.

A Comisión especial de contas ditaminou favorable na sesión do 19 de marzo de 2025.

O presidente somete o ditame a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por seis votos a favor (seis: 3 do PP, 2 do PG, 1 de AxP), un voto de APIN en contra e cinco abstencións (cinco: 4 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG)

**"1.4 Expediente 2025/X999/000066. Aprobación do ditame de aprobación inicial do proxecto e do expediente de expropiación por taxación conxunta do camiño agrícola entre Brantuas de Arriba e Brantuas de Abaixo**

A Secretaria lee o ditame:

"**PROPOSTA DE DITAME. INICIO DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "CAMIÑO AGRICOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO" PERTECENTE AO POS+ADICIONAL 2/2024.**

1.-A Deputación da Coruña aprobou as bases para participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024, mediante acordo plenario de data 24/11/2023 e publicado no BOP número 227 do 28 de novembro de 2023.

2.- O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 07/02/2024, acordou participar no dito Plan.

3.- A Deputación Provincial da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2024 para regular o POS+ADICIONAL 2/2024, mediante acordo plenario de data 31/05/2024.

4.- O pleno do Concello de Ponteceso en sesión extraordinaria do 12.08.2024 aprobou participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos);POS+ ADICIONAL 2/2024 da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluía o proxecto de CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de xullo de 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €.

5.- Requerimento da Deputación provincial da Coruña respecto do proxecto presentado por non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

adecuarse a estrutura ao establecido na base 13.4.2 en relación coa obrigatoriedade de adaptarse á estrutura que figura na base 5.B.2.1

. 6.- O Pleno da Deputación provincial da Coruña, na sesión realizada o 22 de novembro de 2024, aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 2/2024 por maior achega provincial, no que se inclúe o proxecto de obra " Camiño agrícola entre brantuas de arriba e brantuas de abaixo" de forma condicionada a presentación de todas as autorizacións sectoriais e o modificado do mesmo e acreditación da dispoñibilidade dos terreos.
7.- Novo proxecto de obras e de expropiación por taxación conxunta para o CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de en decembro 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €.
8.- Informe do técnico municipal do 18.02.2025 no que se indica que o proxecto de obras e de expropiación e apto urbanísticamente , xustifica a súa non división en lotes , manifesta a súa conformidade con valoración que consta no proxecto de expropiación e indica que o proxecto consta con todas as autorizacións sectoriais preceptivas, sendo as seguintes:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Departamento Territorial da Coruña, Servizo de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Xunta de Galicia. EXPEDIENTE: 2550/24.
- Servizo de Vías e Obras. Deputación Provincial de A Coruña. EXPEDIENTE: 2024000029091.
- Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia. Ref: 2024/ 2235256.
- Augas de Galicia, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia. Clave: DH.W15.103138.

9.RC de intervención de 13.03.2025

10.- Informe da secretaría municipal do 14.03.2025.

Os terreos a expropiar garantizan a execcuión das obras do POS +adicional 2/2024 que leva por título Camiño agrícola entre Brantuas de Arriba e Brantuas de Abaixo .Os terreos necesarios para a execución do investimento sitúanse principalmente dentro dos actuais viais pertencentes ao sistema local da rede viaria municipal. Porén, para a execución das obras é necesario contar con algunhas das propiedades situadas a ámbolos lados do camiño ao longo do seu traxecto, fora do trazado da pista pública, polo que deberá obterse a cesión e dispoñibilidade destes.

De conformidade co sinalado nos art. 4.1 d) da lei 7/985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, 90 e 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, 10 e seguintes daei de expropiación forzosa e os concordantes do regulamento, .e, conforme ao art. 3.4 do Regulamento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de Expropiación Forzosa, asi como os artigos 117 a 119 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e os artigos 290 a 293 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Tendo en conta o anterior, propoño ao Pleno, previo ditame da comisión informativa

PRIMEIRO.- Aproba-lo inicio do expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta de parcelas afectadas pola obra CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, cuxo proxecto foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511, de en decembro 2024, cun orzamento base de licitación (con IVE) que ascende a 116.670,40 €., e que incorpora os documentos sinalados no art. 118 da LSG o que conleva implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, tal como establece o artigo 11 do REF e 94 do TRRL.

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, o proxecto de expropiación para a execución da obra de “CAMIÑO AGRÍCOLA ENTRE BRANTUAS DE ARRIBA E BRANTUAS DE ABAIXO, cuxo porxecto foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Rubén Calvarro Rivadulla, colexiado número 30.511para que aqueles que poidan resultar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos respectivos dereitos.

TERCEIRO.- A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:

| MARGEN | REFERENCIA CATASTRAL | SUP. TOTAL FINCA (m²) | CLASIFICACION | SUP. DE CESIÓN (m²) |
|---|---|---|---|---|
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700184000 0PJ | 396 | NRH | 32,92 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700185000 0PE | 234 | NRH | 4,47 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700186000 0PS | 255 | NRH | 2,45 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700187000 0PZ | 1268 | SR | 76,95 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700195000 0PB | 1262 | SR | 74,41 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700196000 0PY | 914 | SR | 14,58 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700197000 0PG | 1503 | SR | 31,65 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700198000 0PQ | 1666 | SR | 40,07 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700205000 0PO | 1652 | SR | 51,25 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700206000 0PK | 788 | SR | 22,48 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700207000 0PR | 1100 | SR | 50,1 |
| Derecho (de Norte a | 15069A08700208000 | 202 | SR | 14,74 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sur) | 0PD | | | |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700210000 0PR | 77 | SR | 3,96 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700211000 0PD | 41 | SR | 0,99 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700152000 0PJ | 2900 | SR | 14,59 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700140000 0PT | 1787 | SR | 85,79 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700847000 0PR | 676 | SR | 51,35 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700859000 0PH | 1094 | SR | 78,47 |
| Derecho (de Norte a Sur) | 15069A08700118000 0PE | 4536 | SR | 179,26 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700258000 0PY | 339 | NRH | 17,05 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700257000 0PB | 452 | NRH | 45,33 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700256000 0PA | 843 | SR | 61,31 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700255000 0PW | 517 | SR | 31,68 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700254000 0PH | 399 | SR | 21,15 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700253000 0PU | 358 | SR | 18,43 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700252000 0PZ | 357 | SR | 23,12 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700251000 0PS | 93 | SR | 5,83 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700250000 0PE | 93 | SR | 3 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700246000 0PJ | 3008 | SR | 45,71 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700244000 0PX | 474 | SR | 4,31 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700243000 0PD | 696 | SR | 8,37 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700239000 0PR | 700 | SR | 6,57 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700238000 0PK | 807 | SR | 4,5 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700234000 0PT | 1919 | SR | 16,16 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700232000 0PP | 513 | SR | 4,4 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700231000 0PQ | 1187 | SR | 11,07 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700230000 0PG | 735 | SR | 7,48 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08701214000 0PX | 1365 | SR | 15,28 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700227000 0PG | 1162 | SR | 15,47 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700225000 0PB | 1663 | SR | 19,8 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700220000 0PZ | 653 | SR | 7,18 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700219000 0PH | 3549 | SR | 36,56 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700216000 0PS | 609 | SR | 6,02 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700215000 0PE | 728 | SR | 3,26 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700214000 0PJ | 250 | SR | 1,61 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700213000 0PI | 990 | SR | 0,93 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700151000 0PI | 1549 | SR | 16,27 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700141000 0PF | 4567 | SR | 28,81 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700072000 0PQ | 470 | SR | 37,23 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700073000 0PP | 359 | SR | 12,13 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700074000 0PL | 220 | SR | 8,13 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700075000 0PT | 614 | SR | 10,91 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700076000 0PF | 652 | SR | 14,25 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700077000 0PM | 451 | SR | 9,67 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700078000 0PO | 577 | SR | 13,77 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700860000 0PZ | 513 | SR | 9,79 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700079000 0PK | 467 | SR | 10,12 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700080000 0PM | 464 | SR | 10,27 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700064000 0PW | 5049 | SR | 21,28 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700083000 0PR | 2296 | SR | 31,51 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700084000 0PD | 1598 | SR | 23,4 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700803000 0PG | 928 | SR | 11,92 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700085000 0PX | 1494 | SR | 18,69 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700086000 0PI | 2455 | SR | 35,33 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700087000 0PJ | 584 | SR | 7,04 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700088000 0PE | 1024 | SR | 14,12 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700089000 0PS | 740 | SR | 8,23 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700053000 0PX | 2234 | SR | 7,18 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700092000 0PS | 297 | SR | 4,75 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700093000 0PZ | 296 | SR | 4,85 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700094000 0PU | 1111 | SR | 20,27 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700099000 0PY | 557 | SR | 5,21 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700100000 0PY | 659 | SR | 15,41 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700107000 0PM | 2616 | SR | 6,05 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700111000 0PO | 2050 | SR | 2,69 |
| Izquierdo (de Norte a Sur) | 15069A08700116000 0PI | 517 | SR | 21,17 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CUARTO.- Proceder á notificación individualizada mediante traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes contado a partir da data de notificación.

QUINTO.- Poñer de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistrais e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistrais do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto de casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.

SEXTO.- Advertir que a publicación do presente acordo surtirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións pública, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez

Documento asinado electrónicamente ao marxe."

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451
Non houbo máis debate.

A Comisión informativa de asuntos xerais de pleno ditaminou favorable na sesión do 19 de marzo de 2025.

O presidente somete o ditame coa emenda a votación.

O Concello Pleno aproba o ditame por seis votos a favor (seis: 3 do PP, 2 do PG, 1 de AxP), e seis abstencións (seis: 4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

## 2 Parte de control e de fiscalización

### 2.1 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 41/2025, do 31 de xaneiro, ata a núm. 166/2025, do 14 de marzo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O presidente pregúntalles ás concelleiras e os concelleiros que están presentes se queren facer algunha achega.
Non hai achegas.
As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados das Resolucións da Alcaldía, dende a núm. 41/2025, do 31 de xaneiro, ata a núm. 166/2025, do 14 de marzo.

**2.2 Mocións non resolutivas**

Non hai mocións que tratar.

**2.3 Pregos e preguntas**

1 O alcalde responde ás preguntas que o voceiro de APIN-ESCO realizou na sesión plenaria anterior sobre o camión da recollida do lixo, sobre o accidente no afluente do río Anllóns e sobre a iluminación do Nadal.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

2 O alcalde responde ás preguntas que a voceira do BNG realizou na sesión plenaria anterior sobre o acceso ao parque empresarial, sobre o aparcamento de Valdés e sobre a acta da sesión plenaria do 2 de outubro, que non está colgada.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

3 O alcalde responde ás preguntas que o voceiro do PSdeG-PSOE realizou na sesión plenaria anterior sobre o acceso ao parque empresarial, sobre o número de persoas que teñen tramitado a solicitude de recoñemento de dependencia no Concello, sobre o horario de entrada en funcionamento da iluminación pública e sobre o criterio que se seguiu no reparto do roscón de reis.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

4 O alcalde responde ás preguntas que presentou o voceiro do PSdeG-PSOE por escrito para esta sesión plenaria: 1. Cando se vai contratar a sustitución da monitora deportiva?, Cando van mellorar o alumeado público e arranxar a fonte do Xardín Vello de
Corme, todo en mal estado? e Cando vai o Goberno atender o pedimento que fixo o PSdeG-PSOE sobre a seguridade da iluminación pública?

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

5 O voceiro de APIN-ESCO presenta un prego con respecto das beirarrúas na obra de Limiñoa

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

6 O voceiro do PSdeG-PSOE presentou por escrito os seguintes pregos: prega que o Concello lle solicite á Xunta que execute os tramos que faltan de beiravías e mellora das vías de servizo, do final da Bugalleira ata o final de Pazos no límite con Buño, elaborar un plan de mellora viaria ante o estado lamentable das vías locais e a falla de obras polo Concello e que non fagan obras de interese privado porque é a súa obriga denunciar o mal uso dos recursos públicos.
As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:
15fc91a309b69186463847a9d3d248bc6e4d26e9674e6c982fc3488a26eeb451

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 21:32 h e eu redacto esta acta.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.

CVD: MrFgbSJaeGF0g6L6kmbx Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)